



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Programación da disciplina (Borrador)

- 1 Nome do centro:** E.A.S.D. Mestre Mateo
- 2 Titulación:** _ Estudos superiores de deseño de produto
- 3 Materia:** ___ Historia do do deseño de produto
- 4 Disciplina:** _ Historia do Deseño Industrial
- 5 Curso:** _____ Segundo
- 6 Carácter:** __ O.E.
- 7 Tipo:** _____ Teórica
- 8 Docente:** __ Araceli Díaz Cabanas
- 9 Ano académico:** 2020-21.





Índice

1	Identificación e contextualización	3
2	Organización dos contidos	4
3	Avaliación	5
3.1 Criterios de avaliación	5
3.2 Procedemento	7
3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	7
3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación	8
3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	8
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias	9



Identificación e contextualización

Idiomas	Galego e Castelán
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	Araceli Díaz Cabanas
Correo electrónico	adcabanas@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: __ 4 Horas totais: __ 100 Horas de clase semanais: __ 2 Horas de clase no curso: __ 59 (según calendario escolar) Horas de traballo non presencial: _ 41 Horas titorías: _ 1 hora semanal (Martes de 20,00 a 21,00 h.)
Descritores	-Coñecemento, análise e significado histórico do deseño de produto. -Deseñadores/as e tendencias contemporáneas. -Análise das últimas tendencias no ámbito do deseño de produto. -Métodos de investigación e experimentación propios da materia.
Obxetivos	1.-Coñece-la orixe da profesión de deseñadores e a evolución da mesma. 2.-Analiza-las teorías e movementos no campo do deseño dende a revolución industrial ata hoxe. 3.-Contestualizar e afondar en cada período histórico do deseño industrial e da historia das artes aplicadas. 4.-Coñece-las obras máis importantes de cada período, os deseñadores, escolas e teóricos relacionados.



Organización dos contidos

Contidos non impartidos de historia da arte e o deseño no curso 2019-20:
A arquitectura da segunda metade do século XX.-

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Tempor aliz.	Calendario
		Lectura e explicación da programación	1 hora	Setembro
		Avaliación inicial para o coñecemento do nivel do alumnado	1 hora	
1	Evolución histórica	Correntes estéticas mais significativas no deseño industrial	1 hora	
2	O Arerodinamismo	<u>EE.UU.:</u> - Raymond Loewe - Henry Dreyfuss - Teague - Buckminster Fuller – Norman Bel Geddes <u>Aerodinamismo en Europa</u>	2 horas	Outubro
3	O Organicismo	Charles Eanes; Ray Kaiser; Arne Jacobse; Eero Saarinen; Harry Bertoia.	2 horas	id.
4	O deseño nos distintos países ata a década dos 80	<u>Escandinavia:</u> Arne Jacobsen; Peter Opsvik; Poul Kjaerholm; Tapio Wirkkala; Yrjö Kukkapuro; Jacob Jensen; Jonas Bohlin; Sixten Sason; Esteban Lindfors; Olof Bäckström.	1 hora	id.
		<u>Alemania: A Escola de Ulm:</u> Oul Aicher; Hans Gugelot; Hans Roericht;	1 hora	id.
		Wilhelm Wagenfel; Dieter Rams; Richar Sapper.	1 hora	id.
		<u>Italia e o Bel Desing:</u> Marcelo Nizzoli; Gio Ponti; Marco Zanusso; Richard Sapper; Vico Magistretti; Carlo Mollino; Achille e Pier Giacomo Castiglioni.	2 horas	Novembro
		<u>Xapón:</u> Casa Sony: aparatos eléctricos. Casa Sharp: aparaton electrónicos.-Casa Yamaha: Vehículos.	3 hora	id.
		Moble: Sori yanagi; Isamu Noguchi.		
		<u>Gran Bretaña:</u> George Carwardine; Wells Coates; Ernest Race.	1 hora	id.
		Sector do automóvil: Alec Issigonis e Morris Mini. Douglas Scott; Robin e Lucienne Day; Kenneth Grange.	2 horas	Decembro
		<u>Francia:</u> Serge Merville.- El Concorde Flamino Bertoni: “El Tiburón”.- Roger Tallon		
		<u>Brasil:</u> Lina bo Bardi <u>Argentina:</u> Bonet Kurchan e Ferrari-Hardoy, Richard Blanco; Hugo Kogan		



5	Tendencias dos anos 60	<u>O POP ART</u> : Richard Hamilton, Allen Jones; Gaetan o Pesee; Peter Murdoch; Gatti; Paulini e Teodoro; De Pas D`Urbino Lozamazzi e Scolari, Roberto Sebastián Mata, Livio Castiglioni e Giofranco Frattini, Ettore Sottsass.	2 horas	id.
		<u>OP ART</u> : Vasarely, Vuokko Eskolin Nurmensnieme.	1 hora	Xaneiro
		<u>O Movemento Hippie</u> : La Drop City; Verner Panton: Desenfado e heteroxía formal da década dos 60.	1 hora	id.
		<u>Deseño da era espacial</u> : Ero Aarmio, Oliver Mourgue, Archille e Pier Giacomo Castiglioni.	1 hora	id.
		<u>Producción futurista</u> : José Colombo.		
6	Deseño Postmoderno	<u>Grupos radicais italianos</u> : Studio 65.- Grupo Strum.-Grupo Superstudio.- Studio Alchimia.- Sociedad Archizoom.- Cooperativa Memphis.	1 hora	Febreiro
		<u>Apoeosis da modernidade anos 80</u> : Massimo Morozzi, Mario Bota, Stiletto, Shiro Kurumata, Carlo Bellini e Marco Ferreri, Roberto Pezzetta, Mariscal, Ron Arad, Tom Dixon, Gaetano Pesce, James Evanson, Michael Graves, Alberto Fraser, Aldo Rossi.	2 horas	id.
		<u>Produtos innovadores e novos materiais anos 80</u> : Daniel Weil, Esslinger.	2 horas	Marzo
		Estilo High-Tech: Norman Foster, Ingo Maurer. O Bodesing: Luigi Colani.- O Deconstructivismo: Peter Eisenman		
7	Deseño industrial no cambio do milenio. Novos deseñadores.	Julian Brown, Jasper Morrison, Philippe Starck, Paul Priestman, Hermanos Campana, Karin Rashis, Toker Viemeister, Ross Lovegrove, Marc Newson, Tejo Remy, Jam Design, Ikka Suppanen, Oliver Mourgue, Pasi Kolhonen	2 horas	Marzo
8	Deseño e innovación tecnolóxica	- James Dyson. -David Lewis. -Jonathan Ive	1 hora	id.
9	O Ecodeseño	-Peter Opsvik, Philippe Starck, William Stumpf e Donals Chadwick, -Ernesto Gismondi, Frank Gehry	1 hora	Abril
10	O Deseño Español	<u>Antes da guerra civil</u> : Esteve Monegal, Josep Luís Sert.	1 horas	id.
		<u>Despois da guerra civil</u> : Rafael Marquina, André Ricart, Miguel Milá, José Antonio Codederch, Leopoldo Milá, Javier Carvajal.	2 horas	id.
		<u>Deseño español nos anos 70</u> : Lluís Clotet e Oscar Turqueets, Gabriel Lluelles e Dieter Rams, Massa Tremoleda e Ferrer.	2 horas	Maio
		<u>Deseño español desde os anos 80</u> : Javier Mariscal, Vicente Martínez, Jorge Pensi, Llévore, Miguel Angel Ciganda, Patricia Urquiola, Hector Serrano, Martí Guixé.	3 horas	id.



Avaliación

Criterios de avaliación

Criterios xerais

Os presentes criterios de avaliación ríxense por: Decreto 172/2015 do DOG do 23 de novembro

- A Avaliación das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo, polo que o proceso de avaliación ordinaria implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas ao longo do curso.
- O alumnado que asistindo regularmente non acade no proceso de avaliación continua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de superala mediante a realización dunha proba final ou de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.
- O alumnado que supere un 20% de faltas de asistencia ás clases, terá que tentar aprobar a disciplina na proba final ordinaria de maio-xuño, e de non superala, poderá concorrer á convocatoria extraordinaria de xuño-xullo.
- A nota final de cada avaliación sairá de sumar a proba escrita a nota do traballo. Para obter a nota final de cada convocatoria o alumnado terá que acadar un mínimo dun CINCO (5) entre a proba teórica e a práctica.
- Os traballos serán totalmente orixinais e expostos obrigatoriamente na aula, realizados íntegramente polos/as alumnos/as, citando axeitadamente as fontes de consulta.

Criterios específicos

Inclúese a continuación unha táboa na que se concretan os criterios de avaliación específicos para cada unha das competencias da disciplina:

Competencias		Criterios de avaliación
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.	- Utilizou bibliografía co fin de ampliar os seus coñecementos.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.	- Utilizou con solvencia o vocabulario adecuado para a disciplina.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica constructiva no traballo en equipo.	-Utilizou habilidades constructivas nos traballos en equipo.
T8	Deseenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.	- Capacitou o alumnado para o análise formal, estilístico e a comprensión dos significados das distintas linguaxes do deseño de produto.
T16	Usar os medios e recursos o seu alcance con reponsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.	-Deuse conta do importante que é o patrimonio cultural, o medioambiental e a necesidade de respetalo.
T17	Contribuir coa súa actividade profesional á sensibilidade social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ambitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.	-O deseñador ten que ser un pouco social e un pouco psicólogo para darse conta do que a sociedade contemporánea precisa incluso antes de que ésta o demande.
X2	Dominar as linguaxes e os recursos expresivos da representación e da comunicación.	-Coñece e utiliza con propiedade a linguaxe visual e a terminoloxía específica da disciplina.



X3	Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.	-Xustifica os proxectos e relaciona exeitadamente a linguaxe formal a linguaxe simbólica do deseño coa funcionalidade específica.
X4	Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.	-Ten en conta o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e do cor.
X6	Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.	- Valora as distintas tendencias do deseño de produto como reflexo dun contexto político, social, económico e relixioso concreto.
X1 2	Afondar na historia e a tradición das artes e o deseño.	-Coñece a historia das artes e o deseño
X1 3	Coñecer o contexto económico, social e cultural no que ten lugar o deseño de produto.	- Coñece as causas culturais, económicas e políticas que configuran as distintas tendencias
X1 9	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.	- D emostra habilidades para formular estratexias de investigación.
X2 0	Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos de deseño.	-Utiliza con coherencia os elementos que configuran a linguaxe específica do deseño, - Presenta os traballos de xeito profesional.
X2 1	Dominar a metodoloxía de investigación.	- Domina a metodoloxía de investigación
EP 4	Valorar e integrar a dimensión estética en relación ao uso e funcionalidade do produto.	-Ten en conta que no deseño dun produto hay que valorar a estética pero tamen a funcionalidade.
EP 5	Analizar modelos e sistemas naturais e as súas aplicacións no deseño de produtos e sistemas.	-Utiliza os modelos e sistemas naturais as aplicacións no deseño de produtos.
EP1 3	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.	- Coñece e domina o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenrola o deseño de produ

Procedemento

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua considerando os contidos, as competencias e os criterios de avaliación establecidos no currículo dos estudos superiores.

Esta disciplina aparece no DECRETO 172/2015, do 23 de novembro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia como teórica pero inclúese traballos prácticos para facilitar o aprendizaxe dos contidos. O sistema de avaliación continúa consta de dous parciais (xaneiro e maio) onde se avalía:



A parte teórica de 65%	0 a 7,5 puntos
O traballo práctico de 20%	0 a 2,0 puntos
Actitude do alumno de 15%	0, a 0,5 puntos

A suma das tres notas será a cualificación de cada cuadrimestre sendo preciso obter un 5 para aprobar e a media dos dous cuadrimestres superados farán a nota final. A duración deste exame será de unha hora por cuadrimestre.

Dado o carácter progresivo da disciplina a non realización dos exames parciais liberatorios de materia ou a falta dalgún traballo implicará que o alumnado terá que ser avaliado mediante un proceso diferenciado nunha proba final consistente nun exame teórico o que tamén poden acollerse aqueles/as que desexen subir a nota final.

A normativa (*Orde de 21 de novembro de 2016*) establece que as ensinanzas superiores de deseño son unicamente de carácter presencial, polo que o alumnado que teña un 20% de faltas de asistencia perderá o dereito os exames cuadrimestrais debendo presentarse a convocataria ordinaria pero podendo asistir as clases

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Os seguintes criterios serán de aplicación tanto nas clases presenciales como non presenciales caso dun novo confinamento.

A avaliación continua consistirá:

--Nunha proba escrita por cuadrimestre. Este exame fará o 75% da nota.

--Un traballo por cuadrimestre que fará un 20% da nota, é dicir, 2 puntos correspondentes a unha exposición obrigatoria do mesmo, relacionado coa materia que cada alumno expoñerá na aula o día indicado. Para obter esta máxima cualificación no traballo, o alumno terá que manexar bibliografía e non basearse só en Internet sobre cortar e pegar. Valoraranse tamén os comentarios e conclusións persoais. Os traballos presentaranse en formato dixital e serán expostos oralmente polo alumno na aula para todos os demais coa supervisión e cualificación da profesora.

No primeiro cuadrimestre, o traballo versará sobre os séculos XIX e XX e no segundo cada alumno poderá escoller o tema da programación que lle guste desenrolar. A duración da exposición dependerá do número de alumnos e das horas dispoñibles, desde media hora a una hora por alumno e cuadrimestre.-

--A actitude do alumno fará 5% da nota, é dicir, 0,5 puntos obterase por aqueles alumnos/as que adopten unha actitude positiva na aula, presentando os traballos puntualmente, colaborando cos compañeiros, non empregando os móbiles, sendo puntuais e non interrompindo as clases, respetando a profesora e os compañeiros. Non respetar estas causas serán motivo de perder eses 0,5 puntos. Estas faltas de actitude serán controladas pola profesora no caderno da aula.

A suma das tres notas mencionadas será a cualificación de cada cuadrimestre sendo preciso obter un 5 para aprobar e a media dos dous farán a nota final, sempre que estean os dous aprobados con un 5 como mínimo.

Os repetidores deben asistir as clases e serán cualificados da mesma forma que os demais. Se as clases lles coincide con outra materia dun curso superior tentarán de cambiar de grupo.

Asemade, todos os alumnos/as deben ter en conta que hai unha hora semanal de titoría no que a profesora poderá resolverlles calquer dúbida.

Avaliación ordinaria:

Aqueles alumnos que non aproben na avaliación continua presentaranse a convocatoria ordinaria de Maio cos cuadrimestres non superados. Teráselles en conta a nota dos traballos así como a actitude na aula. Duración da proba: unha hora por cuadrimestre a superar..



Neste exame final da convocatoria ordinaria, os alumnos serán avaliados e cualificados por cuatrimestres, debendo superar cada un con un mínimo de CINCO (5) para poder facer a media final. De non ser así, a nota final será a maior do cuatrimestre suspenso.

Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Aqueles alumnos/as que non aproben a disciplina na avaliación ordinaria, realizarán un exame teórico de todos os contidos da materia que fará o 100% da nota final, sendo preciso obter un 5 para aprobar. A duración será de dúas horas.

Asemade, todos os alumnos/as deben ter en conta que hai unha hora semanal de titoría no que a profesora poderá resolverlles calquera dúbida.

Cráterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Co término especiais referímonos os alumnos que por padecer, temporal ou permanente, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriales, ou por ter graves trastornos da personalidade ou da conducta requiran unha atención especializada, con arreglo os principios de non discriminación e normalización educativa, e coa finalidade de conseguir a súa integración.

Partimos de que as adaptacións de espazos, tempos, etc., veñen desenvoltas a través da Administración ou do propio Centro educativo, polo que nos veñen dadas. É dicir, programamos aquilo que depende do noso departamento. Respecto destes alumnos o noso departamento terá diferentes tipos de actuación:

- a).- Adaptar as actividades, se fose posible as súas circunstancias . En todo caso, sempre deberán cubrirse as necesidades para a adquisición da competencia profesional.
- b).- Traballar na orientación efectiva destes alumnos si o seu desenrolo profesional dentro do perfil definido non resultase imposible.
- c).- Favorecer a integración deste alumno no grupo-aula a través de actividades donde desenrole un papel recoñecido polo grupo e mellore o seu nivel de autoestima.

Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

A metodoloxía empregada inspírase nos seguintes principios:

No caso de producirse un novo confinamento, as clases e os exames serán por vía telemática.

Clases:	Exposición na aula pola profesora dos conceptos relacionados coa materia. Explicando os contidos da programación da apoiados en exemplos con imáxenes e textos.
Traballos:	Cada alumno presentará cos traballos comentarios persoais escritos sobre casos da historia das artes e o deseño, potenciando a crítica como medio de reflexión e coñecemento.
Estudo:	Estudo individual dos contidos impartidos nas clases teóricas como traballo independente dos estudantes.
Probas:	Proba de avaliación escrita para amosar o coñecemento e capacidade de análise e reflexión sobre os contidos impartidos e traballados desenrolados nesta disciplina.



Bibliografía:

1.- Referencias básicas:

- DISEÑO. Historia, teoría y práctica del diseño industrial. Autor: Bernhard E. Burdek. Editorial Gustavo Gili, SA
- HISTORIA DEL ARTE de J.J. Martínez González.-Editorial Gredos,S.A. (dos tomos).Tomo I: Arte antiguo y medieval. Tomo II: Arte moderno y Contemporáneo

2. Referencias complementarias:

- Historia del diseño industrial: Rosalía Torrent y Juan M.Marín.-Ed. Cátedra.
- El diseño industrial en España: Julia Galán, Jaime Gual, JuanM.Marín, Jordi Oulucha,Rosalía Torrent e Rosario Vidal.Ed.Cátedra.
- Design Handbook: Charlotte & Peter Fiel.- Ed. Taschen
- Saarinen . Pierlugi Serraino. Ed. Taschen
- Eanes . Gloria Koenig.- Ed. Taschen
- Made in Spain. 101 Iconos del Diseño Español.- Ed. Electa.
- El diseño de interiores en el siglo XX: Anne Massey.- Ediciones Destino.

3.- .Recomendacións para o estudo da materia:

- 1.- Asistir a clase.
- 2.- Dedicar ao estudo da materia un tempo regularmente distribuído ao longo do curso.
- 3.- Comprobar o grao de asimilación dos conceptos e da adquisición das técnicas realizando en tempo e forma as prácticas propostas na clase.
- 4.- Participar na realización dos exercicios teóricos e prácticos propostos na aula.